



Concello de Muras (Lugo)

P-2703300-J

Praza da Galeguidade, 4
27836, Muras (Lugo)
Tfno: 982-500001/12
Fax: 982-500063

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN REALIZADA O 27 DE AGOSTO DE 2015.

Concelleiros asistentes:

D^a. Belén Chao Ramil
D. Carlos Carballés Penabad.
D. Mario Rouco Rey
D. José Danilo Requeijo Castro
D^a. Rosario Celia Rey López
D. José Pajón Penabad.

No salón de sesións da Casa do Concello de Muras, sendo as dezanove horas do día vinte e sete de agosto de dous mil quince, en primeira convocatoria e baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Manuel Requeijo Arnejo, coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados á marxe e do Secretario en acumulación D. Antonio López Vila, réunese o Pleno da Corporación en sesión

ordinaria segundo a convocatoria remitida ao efecto.

Unha vez comprobada a existencia de quórum para a válida constitución do Pleno, a Presidencia declara aberta e pública a sesión, pasando a tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR . Dáse conta da acta da sesión anterior realizada o día 10 de xullo de 2015, da cal entregouse copia coa convocatoria a tódolos concelleiros; o Sr. Presidente pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación, e non presentándose alegacións, o Pleno da Corporación en votación ordinaria, co voto a favor dos sete membros que o compoñen, acorda aproba-la referida acta.

2.- FESTAS LOCAIS PARA 2016. Visto o escrito da Xefatura territorial de Lugo da Consellería de Traballo e Benestar, no que interesa proposta do pleno ou do órgano qna que consten as datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable no ámbito deste termo municipal para o vindeiro ano 2014; e vista a proposta do grupo de goberno, tendo en conta que o 30 de novembro cadra en domingo, o Pleno da Corporación en votación ordinaria co voto favorable de tódolos membros presentes, acorda:

Propoñer como festas locais en todo o termo municipal para o vindeiro ano 2016, o 9 de febreiro (martes de Entroido) e o 27 de xuño (San Pedro).

3.- RATIFICACIÓN MOCIÓN BNG PARA REDUCIR O GASTO ENERXÉTICO DE FAMILIAS NO CONCELLO DE MURAS. Dáse conta da moción de urxencia presentada polo concelleiro do BNG D. Manuel Requeijo Pernas na sesión do Pleno de data 27 de abril de 2015, en cuxa exposición de motivos alude ao elevado número de parques eólicos instalados neste Concello que supoñen ingresos importantes non só para as empresas explotadoras senón tamén para o propio concello por licenzas e IBI, que deberán redundar de xeito directo na poboación, refírese tamén a perda de poboación e pobreza enerxética, por elo propón a Corporación o seguinte acordo:

1.- O BNG en Muras insta ao goberno municipal a asumir nos orzamentos municipais o pago de gastos por consumo enerxético de tódalas persoas censadas en Muras e titulares dun recibo da luz, a partir do próximo mes de xuño do presente ano.

2.- O BNG insta á corporación municipal a redactar e aprobar unha ordenanza municipal que para establecer axudas no pago do subministro eléctrico ás persoas e familias censadas en Muras de acordo a criterios de progresividade.



Concello de Muras (Lugo)

P-2703300-J

Praza da Galeguidade, 4
27836, Muras (Lugo)
Tfno: 982-500001/12
Fax: 982-500063

Na deliberación do asunto prodúcense as intervencións coas opinións que de forma sintetizada se recollen a continuación:

Polo grupo BNG: o Sr.Alcalde indica que esta moción foi votada na pasada lexislatura pero non se chegou a aproba-la acta o non estar incluída debido ao convulso do remate de lexislatura por elo debe ratificarse o acordo proposto, para que os ingresos que se obteñen por este concepto repercutan de forma directa nos veciños, xa que este concello ten unha poboación reducida e queren cambiar a situación; o ex-alcalde non empezou a elaboración da ordenanza e como leva o seu tempo proximamente pedirán información, no seu momento o PP votara esta moción inda que non eran partidarios.

Polo grupo Popular: o portavoz D. J. Danilo Requeijo Castro manifesta estar de acordo pero é un arma de dobre fío, entran ingresos e hainos que declarar o que vai en contra para a declaración da renda e da dependencia.

O Sr.Alcalde manifesta que o PP goberna en Madrid e Galicia, paralizou a lei da dependencia e aquí en Muras hai moita xente dependente, en cuestión de facenda é preferible pagar a que lle devolvan.

Debatido o asunto, o pleno da Corporación co voto a favor dos sete membros que o compoñen, acorda ratificar a devandita moción.

4.- RATIFICACIÓN MOCIÓN PSdG-PSOE SOBRE GRAVACIÓN SESIÓNS PLENARIAS.

Vista a moción presentada polo grupo socialista na sesión realizada polo Pleno en data 27 de abril de 2015, na cal aluden as causas polas que a sociedade se sente alonxada da actividade política e das persoas que administran os diversos estamentos de goberno e falta de información, refírense en particular aos habitantes de Muras que merecen que o seu goberno poña toda a acción municipal ao seu alcance usando as novas tecnoloxías e achegue da forma máis transparente posible o que acontece nas sesións plenaria, por elo propoñen o seguinte acordo:

1º. Instar ao Sr.Alcalde para que mediante a figura que estime oportuno resolva o necesario para que se proceda a gravar en audiovisual e ao completo as sesións plenarias.

2º. Que se autorice a calquera persoa presente a gravación, igualmente en audiovisual, das sesións plenarias.

Na deliberación do asunto prodúcense as intervencións coas opinións que de forma sintetizada se recollen a continuación:

Polo grupo BNG: o Sr.Alcalde indica que esta moción tamén foi votada na pasada lexislatura pero non se chegou a aproba-la acta o non estar incluída debido ao convulso do remate de lexislatura por elo debe ratificarse o acordo proposto.

Polo grupo Mixto: o concelleiro do PSdG-PSOE D. Mario Rouco Rey indica que a acta da sesión do 27 de abril non recolle o tratado e por iso non foi aprobada, e trátase de ratificar a moción presentada no seu momento, queren transparencia no Concello e aparte da publicidade que se graven as sesións para constancia en Secretaría, moitas sesións eran convulsas porque había unha situación de indefensión, por elo deben facerse as xestións para a gravación das sesións.

Polo grupo Popular: o portavoz D. J. Danilo Requeijo Castro manifesta estar de acordo coa moción.

Debatido o asunto, o pleno da Corporación co voto a favor dos sete membros que o compoñen, acorda ratificar a devandita moción.



Concello de Muras (Lugo)

P-2703300-J

Praza da Galeguidade, 4
27836, Muras (Lugo)
Tfno: 982-500001/12
Fax: 982-500063

5.- MOCIÓN GRUPO SOCIALISTA SOBRE REVISIÓN LEXISLACIÓN FESTEXOS POPULARES. Vista a moción presentada polo concelleiro do PSdG-PSOE sobre a regulación fiscal das festas populares, na cal alude a tradición vinculada ás festas populares que anualmente se veñen celebrando nas parroquias, as cales contan con actuacións musicais con máis de 3.000 verbenas e 12.000 actuacións que dan lugar a un importante desenvolvemento da industria musical; a organización e financiamento destes festexos vense realizando polos veciños das respectivas parroquias que difire da organización do resto de España, hai unha mobilización do sector pedindo unha regulación que teña en conta as especificidades de Galicia.

Por todo elo propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

O pleno do Concello de Muras insta ó Goberno galego para que se dirixa ó Goberno de España, previo diálogo co sector citado, en demanda dunha regulación fiscal que atenda as súas peculiaridades e dunha revisión da lexislación de espectáculos e das licenzas de actividades correspondentes, hoxe fortemente restritivas da actividade das orquestras e das festas populares.

O Pleno da Corporación en votación ordinaria, co voto a favor dos sete membros que o compoñen, acorda aprobala referida moción.

6.- INFORMES DA PRESIDENCIA.

a) Resolucións da Alcaldía. Dáse conta das resolucións da Alcaldía ditadas desde o 13 de xuño, ata o 24 de agosto de 2015.

b) Informe Presidencia sobre obras PMMC. O Sr.Alcalde informa da Resolución do Director Xeral de Agader pola que se inicia procedemento para declarar a perda do dereito ao cobramento da axuda concedida dentro do Plan Marco de camiños de titularidade municipal 2014-2015 por importe de 102.000 euros, por non realizar a licitación e execución nun único proxecto na anterior lexislatura, alegacións presentadas e reunión mantida co Director Xeral. Tamén informa que esta situación pode producirse n camiño de Veira do Ría a Carracedo.

c) Informe Presidencia sobre casa do médico. Tamén da conta o Sr.Alcalde que cando tomou posesión ninguén sabía das chaves do edificio coñecido como Casa do médico da cal marchou o Sr. Issam Alnagm en decembro, e cambiáronse as chaves, estaba todo revoltado e mandáronelle escritos o Sr.Issam Alngam por si tiña algo que recoller e non compareceu, que si ía de vacacións, que si o faría a empresa adxudicataria das obras, etc, citóuselle día e hora e preséntase coa Garda Civil, logo presentouse coa Garda Civil, como hai que realizar as obras contratouse a limpeza cunha empresa por 800 euros, as obras iniciáranse proximamente.

d) Informe sobre roce de pistas. Informa o Sr.Alcalde da contratación de 60 quilómetros de roce de pistas cunha empresa do Concello.

e) Informe sobre campo fútbol. Informa que o concelleiro delegado de deportes D. Carlos Carballés empezou os traballos de adecentamento do campo de fútbol de Muras, para que a xente poida utilizalo.

f) Informe sobre o estado de abastecemento de auga. Dáse conta da posta en marcha dun estudo sobre o abastecemento de auga no Concello, o Sr. Rouco Rey fala de 7 ou 8 mananciais, que secan, e calquera pode acceder levando auga que quere e onde quere, hai que poñer orde e dentro dos próximos orzamentos tratarase de facer un proxecto.



Concello de Muras (Lugo)

P-2703300-J

Praza da Galeguidade, 4
27836, Muras (Lugo)
Tfno: 982-500001/12
Fax: 982-500063

g) Delegación feira do poldro. O Sr. Alcalde da conta da celebración da feira do poldro o próximo 27 de setembro, e a delegación na primeira tenente de alcalde D^a. Belén Chao Ramil para todo o relacionado con este tema, incluída a facultade de resolver.

A Sra. Chao Ramil da conta de xestións realizadas para dita feira, petición aos propietarios de fincas para que autoricen por escrito e tamén alude a cambios importantes nas actividades.

h) Informe sobre servizos sociais. A concelleira delegada D^a. Belén Chao Ramil informa que se están facendo xestións para un centro para menores de 0 a 3 anos, hai sete comunicacións por escrito de pais para conciliar a vida familiar e laboral, o que máis se adecúa é un Punto de Atención á Infancia (PAI), onde a titularidade depende do Concello, estase vendo a posibilidade de instalación no colexio a espera de entrevista coa Xunta, que se atrasa polo período de vacacións.

En canto a terceira idade estase a facer un estudo minucioso, mandouse documentación para o servizo de xantar na casa; o servizo de axuda no fogar prestábase en moitos casos con criterios políticos e non técnicos, están facendo visitas dous días a semana para ver que tipos de axudas poden ter.

Polo que se refire a educación, para a semana incorpórase a profesora e vai haber unha reunión con ela e a ANPA para ver as necesidades, estase traballando no programa de actividades socio-culturais para o cuarto trimestre.

O Sr. Alcalde indica que se vai manter zumba onde hai 67 participantes.

MOCIÓN URXENCIA.

O concelleiro do PSdG-PSOE, presenta unha moción de apoio ó sector lácteo galego a tratar por urxencia pola situación do sector, sometida a votación a ratificación da urxencia e incluír dito punto na orde do día.

MOCIÓN DE APOIO Ó SECTOR LÁCTEO. A continuación o concelleiro do PSdG-PSOE expón os motivos da moción aludindo a situación económica límite das explotacións lácteas galegas, miles de familias que viven de xeito directo e indirecto da produción de leite en Galicia, mala acollida dunha banda do sector industrial, contratos que arruinan aos gandeiros, manifestacións de gandeiros e gandeiras esixindo propostas e ser escoitados, propoñendo a adopción dos seguintes acordos:

Medidas a curto prazo:

1. Cuantificación do excedente lácteo e xestión do mesmo a través dos mecanismos de intervención, almacenamento privado e entrega a terceiros países.
2. Determinación dun "Prezo Sostible" para o leite, baseado nos prezos mínimos da industria e da distribución tal como están recollidos no observatorio do Ministerio ós que se agregarían o prezo medio da leite na UE-15
3. Vixilancia e sanción dos contratos lixo, de modo que se consideren nulos e se logre o compromiso coa industria que opera en España para recolocar ese leite a prezos de mercado.
4. Acabar coa banalización que con frecuencia se fai do leite e os produtos lácteos nos lineais da gran distribución.
5. Axudas inmediatas directas ás explotacións, para evitar o peche sa que arrastran moitos meses perdendo cartos.

Medidas a medio prazo:



Concello de Muras (Lugo)

P-2703300-J

Praza da Galeguidade, 4
27836, Muras (Lugo)
Tfno: 982-500001/12
Fax: 982-500063

1. Regulación dos primeiros compradores de modo que sexan verdadeiros operadores loxísticos que aporten algún valor na cadea, e non meros intermediarios.
2. Necesidade de recuperación do consumo.
3. É preciso estabilizar as relacións entre os distintos axentes da cadea láctea.
4. Aposta por unha verdadeira negociación colectiva dos elementos do contrato a través das organizacións de produtores tal e como o paquete lácteo permite.
5. Establecer un plan estratéxico de futuro para o sector lácteo galego.

Na deliberación do asunto prodúcese as intervencións coas opinións que de forma sintetizada se recollen a continuación:

Polo grupo Mixto: o concelleiro do PSdG-PSOE D. Mario Rouco Rey considera que aquí en Muras son explotacións gandeiras e pouca explotación leiteira, sen embargo no mesmo problema que o sector do leite está a carne con prezo menor que hai vinte anos e coa limitación da rede natura, dando conta do tratado en reunións sobre o problema.

Polo grupo BNG: o Sr.Alcalde comparte o exposto polo Sr. Rouco Rey e indica que o partido popular nunca se implicou no medio rural, si nas cacerías pero na agricultura e na gandería non.

Polo grupo Popular: o voceiro D. J. Danilo Requeijo Castro tamén apoia a moción.

O Pleno da Corporación en votación ordinaria, co voto a favor dos once membros que o compoñen, acorda aprobala referida moción.

7.- ROGOS E PREGUNTAS.

a) Preguntas orais.

a.1. Intervención do voceiro do grupo Popular D. J. Danilo Requeijo Castro.

a.1.1. A traballadora social está con contrato de media xornada, cando se vai a cambiar?.

Resposta Sr.Alcalde: este concello necesita traballadora social a xornada completa e unha educadora social, estudarase nos orzamentos do próximo ano, ata ter as contas cadradas non ser vai a mover. Cando tomou posesión de Alcalde había 28 traballadores e contratos de dubidosa legalidade nalgúns casos duplicábanse os postos con contrato con empresa por un lado e traballador por outro, ata que se aclaren estes temas hai que seguir así, si o PP anterior levase a cabo unha xestión correcta non se estaría nesta situación.

a.1.2. Fálase querer a grandeza do Concello pero Muras está a ser de catro, uns que compran e outros que rouban, o mestre levoulle os montes que tiñan os do Couce e o granxeiro rouboulle a el con inscrición no Rexistro, algo hai que facer, que vai facer o Concello?.

Resposta Sr.Alcalde: pode compartir o que esta a pasar en canto a compra por uns poucos, ente os cales debe incluír ao ex-alcalde, pero entende que compran dentro da legalidade, o outro terá que decidilo un xuíz, ata que se demostre o contrario hai que tratalos por igual.

O Sr. Rouco Rey opina que somos un ente público e non procede apoiar a unha persoa entre dous propietarios por asuntos privados.

Non habendo mais asuntos que tratar a Presidencia levanta a sesión sendo ás vinte horas, da cal levanto a presente acta e como Secretario dou fe.

Vº e Prace,

O Alcalde,

O Secretario,

